




PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza

11 Sede da Fundación Pedro Barrié de la Maza

Entidade creada en 1966 por Pedro Barrié da Maza para a mellora das condicións económicas e sociais de Galicia. Está situada no antigo edificio do Banco de Vigo, proxectado polo arquitecto Manuel Gómez Román e construído entre 1919 e 1923. Entre outros proxectos, organiza exposicións, seminarios e concertos.

ENCLAVES NATURAIS

3 Parque do Castro e miradoiro

Situado no centro e no punto máis elevado da cidade de Vigo, é un miradoiro excepcional á cidade e á ría, rodeado dun frondoso xardín. Conserva os restos dun poboado castrexo datado entre os séculos III e I a. n. e.

Illas Cíes (Vigo)

O arquipélago de Cíes, situado na boca da ría de Vigo, está formado por tres illas montañosas de gran valor ecolóxico: Monteagudo, O Faro e San Martiño. Representa un excelente observatorio de fauna e flora.

MOMENTOS GASTRONÓMICOS

A cidade de Vigo ofrece grandes posibilidades gastronómicas para gozar ao longo desta ruta como son o marisco, o peixe, as conservas, as salgadasuras e os viños.

A lonxa de Vigo

Baixo petición e para grupos ofrécese a posibilidade de visitar a lonxa de Vigo e seguir en directo a poxa de peixe fresco.

Degustación de ostras (Vigo)

Como o seu nome indica, na rúa das ostras diversos establecementos ofrecen este molusco ao natural.

Antigo barrio mariñeiro do Berbés (Vigo)

Barrio de tradición mariñeira onde en orixe se situaban os varadoiros e os almacéns para gardar as embarcacións ou os apeiros de pesca. Posteriormente ocupárono casas de mariñeiros. Nas pequenas prazas e soportais outrora realizábanse os labores relacionados coa pesca.




Parque do Castro



Camelias en Parque do Castro



Museo Etnográfico Lste



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrevete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.

<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

RUTA 05 Vigo

ARTE E CIIDADE



Cestería no Conxunto histórico-artístico de Vigo



SABOREA VIGO

ARTE E CIDADE

Durante a túa estancia en Vigo saborea a cultura e a arte dunha cidade aberta, activa e atractiva. Vigo fusiona a tradición mariñeira co seu presente máis transformador, baseado na industria, na importancia do tráfico marítimo do seu activo porto e na actividade comercial. No ámbito da cultura Vigo tamén fai compatible a convivencia entre a súa tradición e a creación artística contemporánea.

Apaixonate coa arte e visita museos como o MARCO, un escaparate das creacións artísticas máis vangardistas, ou o Museo Municipal de Vigo Quiñones de León, que, situado nun antigo pazo, te achega á historia da cidade e mostra unha espléndida colección artística dos séculos XVII e XVIII. Empápate da cultura galega na Fundación Laxeiro, que presenta un excelente percorrido pola arte galega do século XX, e visita o Museo Etnográfico Liste, que te achega á esencia da vida tradicional galega.


Non deixes de perderte pola cidade para descubrir desde palacetes medievais ou renacentistas ata emblemáticos edificios construídos durante a segunda metade do século XIX, un período de gran prosperidade económica. Busca a brisa mariña e pasea preto da ría, navega entre bateas de mexillóns ou visita barrios de esencia mariñeira.



Parque do Castro e miradorio



MARCO - Museo de Arte Contemporánea




Porta do Sol, O Sereio e Edificio El Moderno



Casa das Artes - Fundación Laxeiro

ruta 05 Vigo

ARTE E CIDADE



MUSEOS

1 Museo Verbum - A Casa das Palabras

Situado no contorno da praia de Samil, é un museo interactivo que trata todos os ámbitos relacionados coa comunicación humana; deseñado como un espazo cultural, lúdico e divulgativo no que se pode participar de xeito activo nos elementos expositivos.

R Avenida de Samil, 17, 36212 Vigo
T +34 986 240 130 **W** www.verbum.vigo.org

4 Museo Etnográfico Liste

O museo, que expón a colección do etnógrafo Olimpio Liste Regueiro, ofrece unha visión do patrimonio etnográfico galego a través de máis de 2.000 pezas que nos achegan aos traballos artesanais, aos oficios desaparecidos, ás tarefas do campo, á relixión ou á medicina popular.

R Pastora, 22, 36210 Vigo
T +34 986 244 698 **W** www.museoliste.org

5 Casa das Artes - Fundación Laxeiro

Conserva e expón a colección que o pintor Xosé Otero Abeledo (1908-1996), coñecido como Laxeiro, lle doou á cidade de Vigo. A súa obra, representativa do Movemento Renovador da Arte Galega, mostra un percorrido cronolóxico pola pintura galega do século XX. A fundación tamén organiza exposicións temporais.

R Polcarpo Sanz, 15, 36201 Vigo
T +34 986 438 475

7 MARCO (Museo de Arte Contemporánea)

O museo presenta unha oferta e unha programación multidisciplinar e acolle todos os formatos artísticos actuais (artes plásticas, arquitectura, vídeo, deseño e cinema). Un atractivo máis da visita reside na remodelación do propio edificio, que foi cárcere e sede dos xulgados de Vigo.

R Príncipe, 54, 36202 Vigo
T +34 986 113 900 **W** www.marco.vigo.com/es

12 Pazo e Museo Municipal de Vigo Quiñones de León

O museo, aberto desde o ano 1937, ocupa un antigo pazo rodeado de xardíns con magníficas camelias. Respirase o ambiente da antiga residencia coa exhibición de obras de pintura europea dos séculos XVII e XVIII e, nun edificio anexo, os obxectos trazan a historia de Vigo e da súa comarca desde a Prehistoria ata a Idade Media. Tamén se pode visitar a espléndida sección de pintura e escultura galegas desde finais do século XIX ata a actualidade.

R Parque de Castrelos, s/n, 36213 Vigo
T +34 986 295 070 **T** +34 986 295 075
W www.museodevigo.org

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

2 Cemiterio de Pereiró

Proxectado polo arquitecto Jenaro de la Fuente, foi inaugurado no ano 1898. Ten unha planta rectangular, con corredores que debuxan 16 zonas e uns amplos xardíns con 14 especies de árbores. Os tentosos panteóns nos que repousan personaxes ilustres da cidade conviven con sinxelos sepulcros, algúns anónimos.

6 Casa de Ceta ou de Arines

Palacete urbano do século XV, considerado o edificio máis antigo conservado na cidade. De estilo gótico tardío, presenta un aspecto de torre medieval. Destacan os linteles das xanelas, as gárgolas de pedra e os escudos de armas.

8 Conxunto histórico-artístico de Vigo

O núcleo histórico de Vigo presenta grandes atractivos. A súa orixe arrinca dunha pequena aldea que se converteu nunha gran cidade grazas á industrialización. O itinerario máis atraente parte da Porta do Sol e percorre a arquitectura ecléctica das rúas Urzáiz, Colón, Príncipe, Areal ou Polcarpo Sanz. Tamén destacan o edificio Bonín, de Jenaro de la Fuente, e o Teatro García Barbón, de Antonio Palacios. Recoméndase visitar a praza da Constitución e non deixar de ver a zona antiga, pasando pola rúa dos cestos e a concatedral de Santa María.

9 Palacete urbano da familia Pazos Figueroa

Palacete urbano anexo á Casa de Ceta, que foi edificado no século XVI seguindo o estilo renacentista plateresco. Predominan o balcón sobre un apoio de molduras, as gárgolas, o escudo nobiliario e os arcos decorados das ventás.

10 Casas de Manuel Bárcena Franco (sala de exposicións Afundación)

Edificado por Jenaro de la Fuente y Domínguez para Manuel Bárcena Franco entre 1879 y 1884, de granito e de estilo ecléctico, é un dos edificios máis representativos da cidade. As súas salas de exposicións acollen, segundo os expertos, a mellor colección de arte galega do mundo.



Cemiterio de Pereiró



Pazo e Museo Municipal de Vigo Quiñones de León



Camelias no Pazo e Museo Municipal de Vigo Quiñones de León